

15/05/2018

Benquerido señor/a e amigo/a:

Convocada a Xunta Xeral Ordinaria de accionistas para o vindeiro día 22 de xuño, venres, ás 17,00 da tarde, e para o día 23 á mesma hora, en segunda convocatoria, na sede social da Editorial Galaxia, S.A., desta cidade, segundo a publicación na web corporativa ([www.editorialgalaxia.gal](http://www.editorialgalaxia.gal)) e orde do día anotado ao pé, rogámoslle pola presente teña a ben asistir á primeira convocatoria, no día 22 de xuño e, de non facelo, pode delegar a súa representación conforme ao art. 16 dos Estatutos Sociais usando o boletín anexo.

Grazas por iso co noso mellor saúdo.

  
Antón Vidal Andión  
Presidente do Consello de Administración

**ORDE DO DÍA:**

1.- Exame e aprobación, no seu caso, das Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2017.

2.- Proposta de reforma do artigo 23 dos estatutos, cambiando o número máximo de membros:

“DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN: Artigo 23º.- Concepto e formación.- A administración e representación da Sociedade corresponden ao Consello de Administración actuando colexiadamente e integrado por un mínimo de cinco e un máximo de vinte membros, elixidos pola Xunta Xeral”.

3.- Nomeamento de Conselleiros.

4.- Propostas e preguntas.

5.- Aprobación da acta ou designación de interventores ao efecto.

Os accionistas, dentro dos trinta días anteriores á celebración da Xunta, poderán examinar no domicilio social e obter de maneira inmediata e gratuita unha copia dos documentos que serán sometidos á aprobación da mesma ou ben recabar o seu envío.

Anuncio: web corporativa [www.editorialgalaxia.gal](http://www.editorialgalaxia.gal) do día 15/05/2018.

Art. 16 dos Estatutos sociais:

1. Todo accionista con dereito de asistencia poderá facerse representar na Xunta Xeral por medio de outra persoa, aínda que non sexa accionista.

A representación deberá de conferirse por escrito e con carácter especial para cada xuntanza.

2. Para o caso de que os propios Conselleiros ou entidades depositarias dos títulos soliciten a representación para si ou para outros e, en xeral, sempre que a solicitude se faga de forma pública, será de aplicación o disposto no artigo 186 da Ley de Sociedades de Capital, coa salvedade, así mesmo, contida no art. 187 verbo da representación familiar.

---

EDITORIAL GALAXIA, S.A.

Avda. de Madrid, 44 baixo  
36204 VIGO

Data: ..... / ..... / 2018

Non podendo asistir á Xunta Xeral Ordinaria, convocada para os días 22 e 23 de xuño próximos, conforme ao disposto no art. 16 dos Estatutos Sociais, delego a miña representación para a Xunta Xeral, en:

Don/Dona \_\_\_\_\_, quen votará favorablemente as propostas de acordos presentados polo Consello de Administración en relación coa seguinte orde do día:

1.- Exame e aprobación, no seu caso, das Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2017.

2.- Proposta de reforma do artigo 23 dos estatutos, cambiando o número máximo de membros:

“DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN: Artigo 23º.- Concepto e formación.- A administración e representación da Sociedade corresponden ao Consello de Administración actuando colexiadamente e integrado por un mínimo de cinco e un máximo de vinte membros, elixidos pola Xunta Xeral”.

3.- Nomeamento de Conselleiros.

4.- Propostas e preguntas.

5.- Aprobación da acta ou designación de interventores ao efecto.

coas seguintes salvedades: \_\_\_\_\_

Atentamente,

Asinado:

Nome .....

Enderezo .....

SEDE SOCIAL, DIRECCIÓN, EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN

Avenida de Madrid, 44 · 36204 · Vigo

[galaxia@editorialgalaxia.com](mailto:galaxia@editorialgalaxia.com)

Tel.: 986 43 21 00 · Fax: 986 22 32 05

LOXÍSTICA E DISTRIBUCIÓN

Travesía de Vigo, 71, soto · 36206 · Vigo

[pedidos@editorialgalaxia.com](mailto:pedidos@editorialgalaxia.com)

Tel.: 986 26 51 44 · 986 37 22 79 · Fax: 986 26 27 34